



Normas de Participación para Centros Educativos

1. Destinatarios da convocatoria.

- Centros de ensino secundario e de formación profesional dos territorios GALP de Galicia.
- O proxecto está dirixido preferentemente a alumnado de **4º de ESO e FP**.

2. Inscripción e selección de centros.

- A inscrición realizarase mediante o formulario oficial habilitado.
- A selección dos centros participantes farase por **orde de inscrición**, garantindo:
 - Equilibrio territorial entre concellos.
 - Participación mínima de cada zona GALP.
- Os centros inscritos e aceptados participarán de xeito obrigatorio nas sesións de aula (mínimo 3 e máximo 5). Unha vez realizadas, facilitarase a información sobre o proceso de selección para a realización dos embarques e as visitas, dado que estas actividades teñen prazas moi limitadas.

3. Compromiso dos centros participantes.

Os centros que se inscriban deberán comprometerse a:

1. **Facilitar horarios e espazos** para as sesións de aula.
2. **Garantir a asistencia do grupo** ás actividades acordadas.
3. Designar un/a **docente responsable de coordinación** co equipo técnico do proxecto.
4. Informar ao alumnado e ás familias (se procede) sobre as actividades e solicitar autorizacións cando sexa necesario.
5. Participar nas accións de avaliación (breves enquisas de satisfacción de alumnado e profesorado).



4. Para as visitas externas:

O proxecto cubrirá o transporte principal (autobús do centro educativo á visita e retorno), seguros e acompañamento técnico.

- O centro deberá asegurar:
 - A presenza de profesorado acompañante.
 - Puntualidade e cumprimento de normas de convivencia.
- As actividades están suxeitas ás condicións meteorolóxicas propias do sector marítimo e a outras alleas á asistencia técnica do proxecto que veñan impostas polas entidades a visitar.

5. Para os embarques educativos:

Para garantir a seguridade:

- O alumnado será voluntario/interesado ou ben escollido polo profesorado dos centros educativos.
- O alumnado fará o embarque a acompañado sempre por unha persoa responsable da organización do proxecto.
- Será obrigatorio presentar **autorización do/a titor/a legal do/a menor participante** para poder realizar a actividade. A asistencia técnica do proxecto facilitará o modelo.
- Non se permitirá embarcar a alumnado que non cumpra os requisitos legais establecidos para esta actividade.
- Haberá 1 embarque por territorio GALP de xeito que de haber un maior nº de escolares interesados, poderá ser o centro educativo quen decida que persoa o realiza.



6. Sobre o campamento na Illa de Ons:

- Será unha **actividade de recoñecemento** para proxectos destacados presentados polos centros.
- Cada GALP poderá contar cun máximo de **4 prazas no seu territorio** (é dicir, de todos os centros participantes nese territorio) cun total de 32 prazas para todo o proxecto.
- Incluirá transporte en barco dende o porto de embarque, estancia, manutención, seguros, equipo de divulgadores e monitores e actividades educativas. Non se cubre o desprazamento ata o porto de embarque.
- Cada menor participante deberá entregar unha autorización debidamente cuberta polo seu titor/a legal para a estancia na Illa a cargo do equipo de monitores responsables.

7. Uso de imaxes e comunicación.

- A participación no proxecto poderá implicar captar fotos ou vídeos das actividades.
- O material será usado exclusivamente con fins educativos e de difusión institucional do proxecto (Consellería, GALP e as súas empresas de comunicación, Arenaria Coordinación) e non se sacarán caras do alumnado nin do profesorado participante sen autorización previas.

8. Cancelación ou modificación de actividades.

- A organización poderá modificar ou aprazar actividades por causas de forza maior (meteoroloxía, dispoñibilidade das embarcacións, etc.) e fará a comunicación correspondente ao centro educativo coa maior antelación posible, a través das canles dispoñibles (telefónica, email, mensaxería de texto ou WhatsApp).

9. Custos para os centros.

- A participación no proxecto é gratuita.
- O único compromiso é garantir a participación e coordinación necesaria para a execución e o bo desenvolvemento das accións que se propoñen.

10. Aceptación das normas.

A inscrición no proxecto implica a aceptación de todas as normas aquí recollidas.